

PUBLICIDAD

Alojamiento en Casa Rural, Almuer
Paseos en Barco por las Rías Baixas,
Juegos entre Amigos, Bailes, Fiesta, Entre
Diversión y mu
Una forma diferente de conocer ar

XornalGalicia.com
La información sin manipulación desde la primera hasta la última noticia

10 Noviembre de 2008 [XornalGalicia.com las lenguas minoritarias](#)

[[El Tiempo](#)] [48 Horas](#) | [Galicia](#) | [A Coruña](#) | [Lugo](#) | [Ourense](#) | [Pontevedra](#) | [Agenda](#) | [Fotos](#) | [Televisión](#) | [Mobile:](#)
[Web](#) [Compras](#) [Anuncios](#)

[Inicio](#) [Mundo](#) [[Buscadores](#)] [Internacional](#) [Nacional](#) [Economía](#) [Sociedad](#) [Cultura](#) [Deportes](#) [Marítima](#) [Edito](#)
[Opinión](#) [Ocio](#).



Diversidad y Convivencia

Durante a Semana da Ciencia máis de 60 entidades públicas e privadas celebrarán 106 actividades gratuítas e abertas a todo tipo de públicos

Xornal Galicia | Domingo, 09 Noviembre, 2008 - 01:02

Cafés científicos, teatro, xornadas de portas abertas, exposicións e moitas outras actividades desenvolveranse por toda a xeografía galega do 10 ao 23 de novembro

A Semana da Ciencia é un evento anual de carácter europeo coordinado en Galicia pola Consellaría de Innovación e Industria

Mañá luns comeza oficialmente en Galiza a celebración da Semana da Ciencia 2008. Galiza súmase un ano máis á celebración deste evento con 106 actividades diferentes de divulgación da ciencia organizadas por máis de 60 entidades públicas e privadas por toda a xeografía galega. A cita de referencia no ámbito europeo que se celebra anualmente para achegar a ciencia e a tecnoloxía á sociedade continuará até o 23 de novembro e terá como temática central as Ciencias da Terra, dado que 2008 foi declarado Ano Internacional do Planeta Terra pola Unesco.

Durante os días de celebración, todo tipo de entidades públicas e privadas están chamadas a abrir as súas portas e organizar actividades coas que se pretende amosar á cidadanía, dun xeito ameno e accesible, como a ciencia e a tecnoloxía están presentes na súa vida cotiá, desde os elementos máis simples aos máis sofisticados. Este ano, 62 entidades realizarán 106 actividades diferentes, que se desenvolverán en máis de 155 ocasións. Entre as entidades organizadoras atópanse as tres universidades galegas, centros tecnolóxicos, o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), concellos, asociacións, empresas, museos científicos e o Parque Tecnolóxico de Galicia.

En Galiza a Semana da Ciencia está coordinada pola Consellaría de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de I+D+i, en colaboración con FECYT, Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología do Ministerio de Ciencia e Innovación, que coordina o evento

Opciones

- Imprimir
- Enviar
- Última Hora
- Titulares de Hoy
- Traductor Galego
- Diccionario Galego
- Buscador Xornal Galicia
- Traductor Google
- Blogs Usuarios Xornal Galicia
- Estadísticas Xornal Galicia
- Xornal Galicia RSS/XML
- Contacto Xornal Galicia

Enlaces relacionados

- [Más sobre Diversidad y Convivencia](#)
- [Otras noticias publicadas por redacción](#)

La noticia más leída en sección

Diversidad y Convivencia

Alcanzar un destino..

Más leídas en otras secciones [

- [Canales de noticias xml-rss](#)
- [Noticias más leídas xml-rss](#)
- [Última hora Xornal Galicia xml-rss -](#)

[Buscar noticia](#)



no ámbito estatal. O orzamento investido pola Consellaría neste evento achégase aos 800 mil euros.

Nota:

A Coruña

Diverciencia. Granxas Dixitais (Xornadas nos colexios).

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela. Grupo de Investigación Socio-Territorial.GIS-T e Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)

Lugar: Colexio San Pedro de Visma. A Coruña.

Hora: de 10:00 a 12:00.

Descrición: Trátase dun programa de sensibilización social que consiste na visita de escolares, asociacións ou colectivos a distintas granxas, e de que estes participen activamente en obradoiros levados a cabo en ditos espazos. As actividades serán recollidas en formato audiovisual e presentadas a posteriori, durante a semana da ciencia, ós grupos asistentes. Dita presentación terá lugar nos centros de procedencia de cada grupo.

Máis información: carlos.ferras@usc.es. Teléfono 981 563 100 (extensión 14440).

Obradoiro sobre científicas

Organiza: Museos Científicos Coruñeses.

Lugar: Domus. Sta Teresa 1. A Coruña.

Datas: de 10:00 a 12:00

Descrición: Actividade dirixida a estudantes de primaria con contacontos e representación teatral. Os contidos buscan a aproximación ás mulleres científicas ao longo da historia da ciencia en clave divulgativa e lúdica.

Máis información: domus@casaciencias.org. Teléfono 981 189840.

Xornada de portas abertas nos MC2

Organiza: Museos Científicos Coruñeses

Lugar: Museos Científicos. A Coruña.

Datas: de 10:00 a 19:00, até o 16 de novembro.

Descrición: Os Museos Científicos da Coruña celebran unha xornada de portas abertas na que os visitantes terán a oportunidade de coñecer as novas exposicións e actividades. Na Domus está a exposición “Continents Vivos” e o filme de animación 3D “Dinosaurios Gigantes de la Patagonia”. No Aquarium Finisterrae pode verse a exposición “Farmacutícos. A botica do Mar”.

Máis información: Teléfono 981 189 842.

Guía de servicios Pdas Móviles
Orange Movis



Mayores bajadas Ibe

SANTANDER	7,9€
BANKINTER	8,57
BBVA	9,3€



[Galicia »](#)



Nuestra iniciativa quiere que informaciones que no emanen gabinetes de comunicación de las corporaciones públicas o privadas, q sucesos de obligada cobertura y que un gran número de personas, pero (mayoría de los casos no encuentran los medios convencionales. Pensam sólo las malas noticias son noticia, muchos hechos positivos e interesa merecen la pena ser conocidos. Puede hacer sus comentarios o envi noticia a través de la: [Sala de Prensa](#)



Ferrol

Obradoiros en escolas de educación primaria

Organiza: Fundación Ferrol Metrópoli

Lugar: Colexio Cruceiro de Canido. Praza Curceiro de Canido, s/n. Ferrol.

Horas: de 09:00 a 14:00.

Descrición:

- Obradoiro de Reaccións Químicas: fabricación de moléculas con "atomogominolas" para que os nenos comprendan que todo está formado por partículas invisibles ao ollo humano.

- Obradoiro do Efecto Invernadoiro: os monitores do obradoiro poñerán a facer exercizo a un grupo de alumnos, a metade dos cales deberán vestir unha peculiar prenda de plástico. Desta forma comprenderán cómo funcionan os invernadoiros. Estudarase qué tipo de gases provocan que a nosa atmosfera se comporte como un invernadoiro.

Máis información: metropoli@ferrolmetropoli.org. Teléfono 981333114.

Planetario Móbil

Organiza: Fundación Ferrol Metrópoli

Lugar: Praza de Armas. Ferrol

Horas: de 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 20:00 até o 12 de novembro.

Descrición: Trátase dunha actividade de divulgación da ciencia e da astronomía para todos os públicos, fomentando a cultura científica para así obter unhas sociedades ben informadas no ámbito da ciencia, e para promover as inquietudes científicas e recoñecendo e impulsando estas profesións entre as mulleres e os mozos dun modo divertido. O que pretendemos é instalar este planetario nunha praza céntrica da cidade de Ferrol durante 3 días para que poida asistir o maior número de persoas posible, para así poder achegar a tódolos niveis da sociedade a ciencia e a astronomía promovendo a participación dos cidadáns dun modo lúdico e divulgativo. Cada día faranse 5 pases.

Máis información: metropoli@ferrolmetropoli.org. Teléfono 981333114.

Sada

Exposición "O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción. O cambio climático"

Organiza: Concello de Sada.

Lugar: Casa da Cultura Pintor LLoréns. Avda. do Porto s/n. Sada (A Coruña).

Datas: de 16:00 a 20:00.

Descrición: Exposición que pretende dar a coñecer a todos os galegos e galegas o problema ambiental do cambio climático, informando sobre as súas causas e consecuencias a nivel global. Ademais intenta estimular a participación e reflexión dos visitantes propondo novos comportamentos comprometidos e accións positivas co clima.

Máis información: www.concellodesada.com. Teléfono 981 620 075.

Santiago de Compostela

É o tempo de coñecer MeteoGalicia.

Organiza: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente.

Lugar: MeteoGalicia (Santiago de Compostela)

Hora: de 9:30 a 13:00, do 10 ao 15 de novembro

Descrición: Esta actividade trata de achegar a ciencia mediante a realización dunha serie de actividades divulgativas cunha forte compoñente lúdica, dirixidas especialmente á mocidade e incluíndo a fin de semana, un tempo de lecer onde se farán actividades conxuntas para nenos e mozos acompañados. Deste xeito, esta actividade de coñecemento de Meteogalicia durante a semana do 10 ao 15 de Novembro complementarase coa actividade "No corazón do bosque: descubre o Centro de Investigacións Ambientais de Lourizán" do 17 ao 23 de novembro.

Máis información: administracion@meteogalicia.es. Teléfono 981 957 463.

Brevísima historia de como aprendemos a contar e os aparellos empregados

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Matemáticas.

Lugar: Sala de Xuntas da Facultade de Matemáticas de Santiago de Compostela.

Hora: de 10:00 a 21:00., do día 10 ao 21 de novembro

Descrición: O obxectivo da presente exposición é dar a coñecer ás novas xeracións que non sempre foi doado facer os cálculos e que a humanidade non sempre puido botar man dunha calculadora electrónica de peto ou dun ordenador, é dicir, que os cálculos non eran tan doados de conseguir como agora. A través dos paneis, as persoas participantes decatáranse de como a necesidade foi a que impulsou á xente a darlle ao maxín para conseguir o que se propoñía, e de como os sistemas de cálculo se foron complicando atendendo ás novas necesidades.

Máis información: María Elena Vázquez Abal. zmatdeca@usc.es. Teléfono 981 563100, ext.13130.

Curso de iniciación á Astronomía

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela. Observatorio Astronómico Ramón M^a Aller.

Lugar: Observatorio Astronómico Ramón M^a Aller. Avenida das Ciencias. Campus Sur. Santiago de Compostela

Hora: de 20:30 h a 21:30 h. Continuará os días, 13, 17 e 20 de novembro.

Descrición: A Astronomía é unha ciencia que esperta gran interese no público, posto que as estrelas sempre fascinaron á humanidade. Con todo, en xeral a xente ten pouco coñecemento dela. Este curso ten como obxectivo impartir os conceptos básicos da Astronomía dunha forma sinxela, de maneira que poidan ser comprendidos ata por persoas sen formación en Ciencias. O curso consta de catro sesións teóricas e catro sesións de observación.

Máis información: oadoco@usc.es. Teléfono 981 592 747

Exposición de carteis divulgativos sobre a Terra e o Sistema Solar

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela. Observatorio Astronómico Ramón M^a Aller.

Lugar: Observatorio Astronómico Ramón M^a Aller. Avenida das Ciencias. Campus Sur. Santiago de Compostela.

Hora: de 17:00 a 22:00, até o 23 de novembro.

Descrición: Tendo en conta a conmemoración do Ano Internacional do Planeta Terra, farase unha exposición de carteis divulgativos sobre o noso planeta e a súa relación cos demais astros do Sistema Solar, en especial coa Lúa e co Sol.

Máis información: oadoco@usc.es. Teléfono 981 592 747

Da natureza á cociña: Historia das plantas das nosas hortas.

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela. Museo Historia Natural Luis Iglesias.

Lugar: Claustro de Fonseca. Rúa do Franco. Santiago de Compostela.

Hora: de 10:00 a 13:30 e de 16:00 a 20:00, ata o 29 de novembro.

Descrición: O principal obxectivo da actividade é dar a coñecer, de forma amena e entretida, a orixe, historia e evolución dalgunhas das especies vexetais cultivadas para alimentación humana no noso país. Dentro da exposición diferenciaranse 4 seccións: reproducións de pequenos hortos con plantas vivas de cultivos representativos da agricultura galega, paneis e obxectos explicativos das orixes e evolución de diversos cultivos, vídeos explicativos das técnicas empregadas para a obtención de variedades hortícolas ao longo da historia e sala de xogos interactivos sobre os contidos da exposición.

Máis información: museohn@usc.es. Teléfono 981593 589.

Escher e Matemáticas. Diálogo entre ciencia e arte.

Organiza: Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática.

Lugar: Galería Sargadelos. Rúa Nova, 16. Santiago de Compostela.

Datas: de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00, ata o 14 de novembro.

Descrición: O núcleo central da exposición é a obra de Maurits Cornelis Escher (1898-1972), especialmente a realizada a partir de 1937, momento no que as súas creacións amosan extraordinarias manipulacións do espazo, o tempo e a perspectiva que reorganizou conforme a súa persoal e enxeñosa lóxica. Utilízanse láminas e pósters que permiten contemplar os traballos de Escher, realízanse obradoiros para a manipulación de diversos materiais para translucir as ideas que inspiraron ao artista e desenvólvense actividades de lapis e papel que axudan a “mirar” a obra de arte e a relacionala coas matemáticas. Complétase coa proxección de vídeos que expoñen paso a paso como se chega, a partir duns determinados elementos, á produción final que se mostra nas reproducións da obra de Escher.

Máis información: inesben@edu.xunta.es. Teléfono 679419987.

MicroDeCine. Ciclo de cine sobre enfermidades infecciosas.

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Farmacia.

Lugar: Aula Magna da Facultade de Farmacia. Campus Sur. Santiago de Compostela.

Datas: 18:00, até o 12 de novembro.

Descrición: Ciclo de cine sobre enfermidades infecciosas. Ofértase este ciclo para o público en xeral, con carácter aberto e gratuíto e co obxectivo de divulgar a sociedade aspectos xerais sobre as enfermidades infecciosas.

Máis información: zfardeca@usc.es

Obradoiro de enerxías renovables e sostibilidade enerxética

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Física.

Lugar: Facultade de Física Santiago de Compostela

Datas: de 10:00 a 13:30, até o 28 de novembro.

Descrición: O obradoiro de enerxías renovables ten como obxectivo ensinar a respectar o medio ambiente desde a perspectiva das enerxías verdes. Trátase de pór a punto un obradoiro divulgativo, didáctico e de fomento do uso sostible da enerxía. O programa inclúe visitas didácticas dirixidas aos centros escolares da comarca de Santiago e un obradoiro virtual interactivo cun claro obxectivo divulgativo, que poida ser utilizado desde centros escolares ata comunidades e asociacións. Inclúe a exposición “Renova a túa enerxía”, a visita a instalacións de enerxías

renovables da comarca, actividades de experimentación coa enerxía e obradoiro interactivo "Lonxe é cerca".

Máis información: Decanato da Facultade de físicas. Teléfono 981563100 Ext. 13954.

Soños de pedra (séculos XIII-XVII)

Organiza: Delegación do CSIC en Galicia. Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

Lugar: Claustro superior do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. Santiago de Compostela.

Hora: de 08:00 a 20:00, até o 21 de novembro.

Descrición: A exposición esta concibida para avanzar os resultados obtidos e difundir o método de traballo do equipo responsable do proxecto "Corpus de Epigrafía, Heráldica y Escultura funeraria medieval galega", cuxo obxectivo é recuperar e poñer en valor os monumentos funerarios con epigrafía e/ou decoración heráldica de Galicia no período de referencia.

Máis información: martina.gonzalez@iegps.csic.es. Teléfono 981540240.

Xornada de Portas Abertas no CESGA

Organiza: Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

Lugar: Centro de Supercomputación de Galicia. Avenida de Vigo, s/n. Santiago de Compostela

Horas: de 10:00 a 18:00, até o 21 de novembro.

Descrición: As xornadas de Portas Abertas do Centro de Supercomputación de Galicia supoñen unha oportunidade para que alumnos de educación secundaria coñezan a actividade e as instalacións desta Instalación Científico-Técnica Singular. As visitas dos grupos, que en ningún caso deben ser maiores de 20 persoas, consisten nunha presentación na que se explica a actividade que o Centro desenvolve e dunha visita ás instalacións.

Lugo

Programa Initia 2.0

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela. Campus Lugo.

Lugar: Campus de Lugo.

Descrición: A meta principal do programa INITIA 2.0 é iniciar ao alumnado de ensino secundario na actividade investigadora dentro dos centros de investigación, orientado polos investigadores e integrándose no traballo e nos equipos de investigación. Os participantes pasan a ser un membro máis do equipo de investigación traballando nun proxecto tutorizado por profesores e

*investigadores nas distintas disciplinas do Campus de Lugo, ciencias experimentais, ciencias sociais e humanidades.
Máis información: upaleo@usc. Teléfono 982241747.*

Xermade

Ciencia e enerxía: novas experiencias.

Organiza: Fundación Sotavento Galicia

Lugar: Parque Experimental de Sotavento. Xermade (Lugo).

Hora: de 10:00 a 17:00, do 10 ao 27 de novembro (de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 os días non laborais).

Descrición: Baixo este título inclúense actividades que se realizan coa finalidade de potenciar a divulgación de experiencias, instalacións e últimos avances científicos que cada ano aporta Sotavento como valor engadido aos seus visitantes. As actividades inclúen visitas guiadas, obradoiros, propostas de intervención sobre os materiais, actividades lúdicas, actividades interactivas, exposicións fixas e temporais, itinerarios, xornadas familiares, etc.

Máis información: www.sotaventogalicia.es. Teléfono 981 441 020.

Pontevedra

Descubrinto a comunicación: da teoría á práctica

Organiza: Universidade de Vigo

Lugar: Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Campus A Xunqueira s/n. Pontevedra.

Hora: de 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 19:00, até o 16 de novembro.

Descrición: Ao longo dos séculos o ser humano foi perfeccionando as súas habilidades comunicativas, desenvolvendo distintos medios para representar a realidade e o imaxinado e reflexionando cada vez con maior profundidade sobre esa capacidade e as súas repercusións no individuo e na sociedade. O coñecemento dos medios de comunicación, da súa estrutura e do seu funcionamento fainos cidadáns máis conscientes e informados, e é un dos ámbitos fundamentais de traballo das ciencias da comunicación.

Máis información: albertodafonte@uvigo.es. Teléfono 986 801 923.

Legumes: un alimento saudable.

Organiza: Delegación do CSIC en Galicia. Misión Biolóxica de Galicia.

Lugar: Museo Mariano García. Instituto Sánchez Cantón.

Avenida Reina Victoria s/n, Pontevedra.

Hora: de 18:00 a 20:00, até o 14 de novembro

Descrición: Na actividade proponse estender o concepto de

alimentos saudables entre sectores clave da poboación: xuventude e terceira idade. Os instrumentos serán unha exposición permanente de legumes, a edición de documentación (receitas) e unha degustación de legumes.

Máis información: amderon@mbg.cesga.es. Teléfono 986854800, extensión 275.

Xogando coa ciencia

Organiza: Universidade de Vigo. Facultade de Ciencias de Educación en colaboración co IES A Xunqueira.

Lugar: Facultade de Ciencias de Educación. Campus A Xuntequira. Pontevedra.

Horas: de 10.00 a 14.00 e de 16.30 a 18.00, até o 15 de novembro.

Descrición: A idea deste proxecto é a realización dunha exposición interactiva onde amosar experimentos científicos de baixo custo, actividades manipulativas de ciencia e tecnoloxía, como unha ferramenta didáctica para facer comprender que a ciencia non é tan complicada como pode parecer, e porén dá unha explicación sinxela de moitos feitos cotiáns. Estes experimentos consisten na presentación e na explicación de feitos cotiáns nun contorno diferente á dun centro escolar, ás veces sorprendentes, ás veces lúdicos. Un apartado importante desta experiencia consiste na utilización dos xoguetes como unha forma de aprender ciencia.

Máis información: Teléfono 986 833 061.

O Porriño

Antibióticos, unha conquista da humanidade que estamos a estragar

Organiza: Fundación CHUAC. INIBIC Instituto de Investigación Biomédica da Coruña

Lugar: Auditorio Centro Cultural do Porriño. Rúa Domingo Bueno. O Porriño (Pontevedra)-

Hora: 11:00.

Descrición: O obxectivo desta actividade é concienciar sobre o mal uso dos antibióticos, desde a parte máis técnica e concreta en canto ás bacterias e á súa relación cos antibióticos, ata as situacións da vida cotiá nas que podemos atopar casos de mal uso dos antibióticos.

Viaxe ao Centro do Saber

Organiza: Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste

Lugar: Centro Tecnolóxico AIMEN. O Porriño.

Hora: de 9:00 a 18.00, até o 14 de novembro.

Descrición: Viaxe ao Centro do Saber ten como principal obxectivo dar a coñecer as actividades que se desenvolven nun Centro

Tecnolóxico, e como estas inflúen no desenvolvemento da vida cotiá. A través de Visitas Guiadas polo persoal do Centro, darase a coñecer as distintas áreas e laboratorios de AIMEN onde procréase e contrasta o saber científico e tecnolóxico, para a súa posterior transferencia á industria e á sociedade en xeral. Os visitantes, poderán presenciar in situ demostracións prácticas do labor que realizan diariamente o persoal investigador de AIMEN. Máis información: marketing@aimen.es. Teléfono 986 344 000.

Nigrán

ObradoiroBOT: xogos cun robot móbil guiado por intelixencia

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela

Lugar: IES Escolas Proval. IES Escolas Proval, 36350 Nigrán (Pontevedra)

Hora: 10:30

Descrición: A actividade consiste na realización dun obradoiro de robótica móbil, no que o robot (Pioneer 2AT) realizará percorridos en circuítos con obstáculos. Os asistentes formarán equipos para guiar "a cegas" o robot polo percorrido, establecéndose unha competición deportiva que gañará quen remate o percorrido no menor tempo. Este contido lúdico irá precedido dun contido formativo, consistente nunha presentación e demostración práctica das bases tecnolóxicas do guiado dun robot móbil.

Máis información: obradoirobot@gmail.com. Teléfono 981 563100 - ext. 13578.

Vigo

Chocolatada para a presentación da Semana da Ciencia 2008

Organiza: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

Lugar: Rúa do Príncipe, esquina do Sereo.

Hora: de 17:30 a 21:30.

Descrición: A Dirección Xeral de I+D+i, da Consellaría de Innovación e Industria, é a encargada de promover, coordinar e difundir todas as actividades que se realizan en Galiza dentro da Semana da Ciencia. É por iso que a Dirección Xeral de I+D+i realizará un evento de difusión en cada unha das sete grandes cidades galegas co fin de concienciar á cidadanía nas áreas científicas relacionadas co Planeta Terra así como dar maior difusión a todas as actividades inseridas dentro da Semana da Ciencia en Galiza. Así, haberá unha carpa que vai estar instalada no centro das sete vilas e na que todo o mundo poderá obter información sobre as actividades científicas, innovadoras ou

tecnolóxicas desenvolvidas durante esta semana degustando un chocolate quentiño.

Máis información: semanadaciencia@plan-incite.eu. Teléfono 981 541089.

Innoescena: Divulgación da Cultura da Innovación aos seus futuros artífices.

Organiza: Fundación InnovaPyme Galicia

Lugar: Auditorio do Centro Cultural Caixanova. Policarpo Sanz 24-26. Vigo.

Hora: de 10:30 a 14:00.

Descrición: Innoescena é un programa de difusión científico-tecnolóxica e innovación mediante o uso de técnicas de teatro, visitas teatralizadas, charlas e web para fortalecer os conceptos da innovación, a ciencia e a tecnoloxía, nos futuros artífices da innovación: estudantes (entre 14 e 17 anos) na Semana da Ciencia 2008. O principal carácter innovador de Innoescena é o uso de catro canles de comunicación diferentes (obra de teatro, charlas, visitas teatralizadas e entorno virtual) transmitindo unha idea común da importancia da Ciencia-Tecnoloxía e innovación. O proxecto conta coa participación dos centros tecnolóxicos Aimen, Anfaco-Cecopesca e Ctag.

Máis información: innovapyme@innovapymegalicia.es. Teléfono 886 139 749.

Obradoiros de Ciencia Mariña no Mercado de Bouzas

Organiza: Delegación do CSIC en Galicia. Instituto de Investigacións Mariñas.

Lugar: Mercado de Bouzas. Rúa Covadonga, 1. Vigo.

Datas: de 10:00 a 13:00.

Descrición: obradoiros con experimentos sinxelos para os usuarios da praza de abastos do barrio de Bouzas. Perséguese que participen en actividades divulgativas persoas que non forman parte do público habitual deste tipo de eventos.

Máis información: carmen@iim.csic.es. Teléfono 986 231 930.

Diverpesca

Organiza: Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (ANFACO-CECOPECA).

Lugar: Sede de ANFACO-CECOPECA. Campus Universitario de Vigo.

Datas: do día 10 ao 21 de novembro.

Descrición: ANFACO-CECOPECA e a Fundación Clúster de Conservación de Produtos do Mar organizan estas actividades co fin de difundir a toda a sociedade o esforzo investigador do sector mar-industria a través de visitas guiadas, obradoiros de elaboración e catas de conservación e nutrición.

Máis información: Teléfono Tlf.: 986 469 301

Actividades Web.

Obradoiro en liña "Internet como ferramenta de busca de documentación científica"

Organiza: Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia.

Descrición: A publicación de traballos de investigación, informes, manuais, ou información especializada en Internet é cada vez máis frecuente. Numerosas institucións, tanto públicas como privadas, fan accesibles os seus traballos na rede. Sen embargo, localizar a información que realmente é importante non sempre é tarefa fácil, polo que é preciso botar man de ferramentas que faciliten a busca. Buscadores, directorios, bases de datos son algunhas destes recursos que poden facer máis fácil o traballo. O obradoiro en liña realizárase utilizando dunha ferramenta e-learning dispoñible na páxina web do CEIDA (www.ceida.org). O obxectivo do obradoiro é proporcionar ferramentas útiles que lles permitan aos alumnos localizar información científica de forma rápida e satisfactoria en Internet.

Suscríbete a las noticias del Mar y la Pesca en tu entorno:



Suscríbete a las noticias de Galicia en tu entorno:



Buscador y Directorio Xornal Galicia [Comentar esta noticia en A Pizarra](#)

Xornal Galicia | Diario Dixital de Galicia | Toda la Información noticias y Actualidad las 24 horas

Grupo Índice de Comunicación con presencia en más de 40 países y 24 idiomas, Noticias, actualidad, directorios, buscadores, entretenimiento todo lo que necesitas de la red

[Recordar este sitio](#) · [Concellos de Galicia](#) ·

Enviar esta noticia a:



¿ Que e esto ? · ¿ Titulares ? Del Mundo



Noticias directas en tu Web o en tu Móvil desde xornalgalicia.com en Formato RRS y Wap



De Compras

Ofertas
Productos



[Imagen/Sonido](#) | [Viajes](#) | [Coches](#) | [Moda](#) | [Inmobiliaria](#) | [Informática](#) | [Fotografía](#) | [Regalos](#) | [Belleza](#) | [Móviles](#) | [Azar](#) | [Entradas](#) | [Deportes](#)



Hotel Corona de Galicia
Las mejores ofertas de hoteles.

PVP: 50,00 €

PVP: 40,00 €

[[Música Axenda Xuvenil](#)] [Quienes Somos](#) | [RSS News Feeds](#) | [Ayuda](#) | [Guía de servicios](#) | [Contacto](#) | [Política de](#)
www.XornalGalicia.com 10 de Noviembre de 2008 | [Accesibilidad](#) | [Noticias](#) [Novas](#) [News](#) www.xornalgalicia.es [www.Inc](#)

Xornal Galicia · © Copyright 2005 · [Indice Siete](#) · Depósito legal TF.1037/200-Todos los Derechos Reservados.All f